



# VERÓNICA BOQUETE

Futbolista


**Gañadora  
da liga  
europea  
de campioas.**

**Xogou nas mellores ligas do mundo.**

**Pertence ao movemento Common Goal.**

A través del doa o 1%  
do seu salario para financiar  
proxectos sociais  
na comunidade.

5



**COÑECENDO  
AS NOSAS  
DEPORTISTAS**



# FÚTBOL

## Verónica Boquete

Santiago de Compostela 9 de abril de 1987.

Gañadora da liga de Campioas co FFC Frankfurt.

Equipos nos que xogou:

Prainsa Zaragoza

Español de Barcelona

Western News York

Chicago Red Stars

Philadelphia Independence

Energiya Voronezh

Tyresö FF Portland Thorns F. C.

FFC Frankfurt Bayern de Múnich

París Saint Germain

Beijing BG

Phoenix F.C.

Utah Royals FC.

Foi a primeira futbolista española en ter un contrato de patrocinio deportivo.

Foi galardoada coa medalla Castelao no ano 2015.



No ano 2013 Verónica Boquete iniciou unha campaña no portal Change.org para a inclusión de xogadoras nos videoxogos da serie FIFA. Esta acción tivo unha grande acollida, o que fixo que no ano 2015 a empresa propietaria do videoxogo incluíse 10 seleccións nacionais femininas (Australia, Brasil, Canadá, China, España, Estados Unidos, Francia, Inglaterra, México e Suecia).



# DEPORTE FEMININO

A continuación achegamos cinco cuestións para saber máis do deporte feminino, que ao longo do tempo non tivo o recoñecemento que merecía.

1- O estadio de Santiago de Compostela leva o nome de Verónica Boquete. Dálle unha volta ao miolo e pensa cantas rúas, edificios, parques etc. da túa vila teñen nome de muller.

Estate atenta! Se están a construír unha nova rúa ou edificio propón ao teu concello unha muller para nomear este novo espazo.

2- Hassiba Boulmerka foi unha atleta alxeriana, medalla de ouro nos xogos olímpicos de Barcelona 1992 e medalla Príncipe de Asturias no ano 1995, que foi ameazada de morte por grupos integristas relixiosos do seu país por correr en en pantalón curto.

Investiga a vida desta muller e o traballo que realiza pola igualdade entre homes e mulleres.

3- Busca información sobre Jutta Kleinschmidt, gañadora da proba automobilística máis dura do mundo, o rally París-Dakar, e procura información sobre mulleres que destacaron nos deportes de motor.

4- Sabías que só dúas mulleres foron abandeiradas de España nas cerimonia de inauguración dos xogos olímpicos?

No programa da Secretaría Xeral de Igualdade “Coñecendo as nosas deportistas” hai varias que van estar nos Xogos de Tokio. Se queres podes propor algunha das nosas deportistas enviando unha carta ao Comité Olímpico Español para ser abandeirada da delegación española na cerimonia de inauguración das olimpíadas.

5- Procura información sobre Charlotte Cooper, a primeira muller en obter unha medalla olímpica (foi en tenis), e tamén sobre a tenista galega máis laureada, Lourdes Domínguez.

# MUNDIAL

Grazas ao deporte, Verónica Boquete coñeceu moitos lugares do mundo, nos que traballou como futbolista profesional.

Localiza neste mapa do mundo os lugares onde viviu Verónica Boquete.



- |              |                                 |             |               |
|--------------|---------------------------------|-------------|---------------|
| 1. Zaragoza  | 4. Chicago                      | 7. Portland | 10. Tyreso    |
| 2. Barcelona | 5. Philadelphia                 | 8. Phoenix  | 11. Frankfurt |
| 3. Nova York | 6. Salt Lake City (Utah Royals) | 9. Voronezh | 12. Múnic     |
|              |                                 |             | 13. París     |



# CUESTIONARIO

## Unha deportista que admiras?

Teresa Portela, Ana Peleteiro, Susana Rodríguez... e moitas máis!

## Que fas logo de adestrar?

Ver fútbol ou calquera outro deporte, estudar ou rematar algún curso que estea facendo, ir pasear polas montañas de Salt Lake City, quedar coas compañeiras para un café ou unhas cartas... Pero, sobre todo, facer o necesario para estar descansada e lista para adestrar ao 100% o día seguinte.

## Un consello?

Desfrutar do que fas, porque se o desfrutas, o esforzo non custa.

## Cal é o primeiro recordo do teu deporte?

Xogar co meu pai e meu irmán diante da casa. Dende que comecei a andar xa lle din á pelota, quería facer o mesmo que o meu irmán, e iso era xogar o fútbol co meu pai.

## Un soño profesional?

Fun cumprindo moitos deles: gañar ligas, gañar a Champions League, xogar na selección española, disputar un Mundial ou unha Eurocopa...

O soño incumprido é estar nuns Xogos Olímpicos.



# CUESTIONARIO

## Como ves o papel da muller no deporte?

Ata os anos 70 en España non estaba ben visto, e nalgúns casos estaba prohibido, que a muller fixese deporte. Dende entón ata hoxe os pasos cara adiante son moitos e bos. As mulleres deportistas son exemplos para a sociedade; o seu esforzo e logros non son valorados nin apreciados como merecen.

## Cal é o mellor recordo da túa carreira deportiva?

Levantar a Champions e xogar o primeiro mundial da historia para España.

## Tiveches algún tipo de atranco por ser muller no mundo do deporte?

Si, moitos. Todas os tivemos, pero eses atrancos fixéronos ser quen somos hoxe, dentro e fóra do deporte. Crecemos e vivimos nunha sociedade machista, cunha educación onde a muller é inferior o home... Mudar isto leva tempo, pero estamos no camiño. Cando tiña 5-6 anos entrei no meu primeiro equipo pero non puideron xogar porque había unha norma que prohibía ás nenas xogar cos nenos... esa foi a primeira gran barreira que me atopei.

## Como ves o tratamento polos medios de comunicación do deporte feminino?

Escaso e sen moito coñecemento. Os medios son o vínculo que temos coa sociedade, o seu papel é fundamental e nos últimos anos está mellorando.

**Es unha deportista que xogou a primeiro nivel en diferentes países Francia, EUA, Suecia, Rusia, España, Alemaña e Francia. En que estado cres que o deporte feminino está en mellor situación? Por que?**

Nos Estados Unidos o deporte é algo fundamental na súa sociedade. Ser deportista é ser admirado e respectado, tanto se es home como se es muller. O resto de países seguen ese exemplo e espero que nos próximos anos o deporte feminino teña máis apoio.

# COLOREA

Colorea esta futbolista.



“O brazalete apertábame, pensei en toda a xente que traballaba polo fútbol feminino”

Vero Boquete antes de tirar un penalti.